



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS XORDAS, XORDOCEGAS E CON DISCAPACIDADE AUDITIVA RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2018 ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o mantemento da entidade e os seguintes servizos:

- Servizo de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva (SAPS)
- Servizo de intérpretes de lingua de signos española e guías-intérpretes (SILSE-GI)
- Servizo integral para persoas xordas, xordocegas e persoas con discapacidade auditiva.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 como beneficiaria individualizada así como o obxectos subvencionado e a súa dotación orzamentaria.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 19 de febreiro de 2018.

